



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 31 DE MAIO DE 2011

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustificando a súa ausencia os Sres. Angel Fernández Castro, María José Martínez, José Ramón Méndez Salgueiro e José Manuel Sobrino Heredia.

1. Informe do reitor

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre o Consello dando conta, en primeiro lugar, da celebración do Consejo de Universidades o pasado 25 de maio.

No Consejo de Universidades contouse coa presenza do Ministro de Xustiza para informar sobre o proxecto de Real decreto polo que se aproba o regulamento da Lei da avogacía de 2006. Este Real decreto, que se aprobará no vindeiro Consello de Ministros do venres, significa que deberemos implementar na UDC un mestrado específico para atender as necesidades de formación especializada dos graduados en Dereito que pretendan acceder ás profesións colexiadas de avogacía e procuradoría. Tamén se informou sobre o novo texto do Estatuto do PDI e as negociacións que ao redor deste se desenvolven.

En segundo lugar, informa o reitor da reunión, o día 27, da Comisión da Rama de Enxeñaría e Arquitectura do Consejo de Universidades, en que se informou sobre a complexa situación dos recursos xudiciais formulados contra o grao de Enxeñaría da Edificación polos colexios de enxeñeiros. O reitor informa de que a UDC está presentada actualmente na Sala do Tribunal Superior de Xustiza para defender a legalidade da denominación do noso título de Enxeñaría da Edificación.

Tamén o 27 de maio tivo lugar o Consello Galego de Universidades a que asistiu, en representación da UDC, a vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, razón pola cal o reitor lle cede a palabra á vicerreitora Ana Tarrío, quen dá conta dos acordos do CGU.

En relación co protocolo de cálculo de notas medias quedou pendente, por proposta nosa, de melloralo nunha reunión posterior. A respecto do borrador



de decreto de prezos públicos, a vicerreitora sinala que recolle a tarifa mínima dentro do abano de prezos aprobado polo Ministerio, e conxela as tarifas segundas e terceiras, polo que se informou favorablemente. Respecto do proxecto de decreto de titulacións, as universidades posicionáronse en contra, por mor dos números mínimos de matriculados, pedindo consensuar o texto. O documento quedou pendente de discusión e mellora na comisión académica do CGU. Finalmente, a USC anunciou que para o vindeiro curso non ía ofertar o título de Mestrado en Enxeñaría Industrial.

Retoma a palabra o reitor para informar de que o pasado 24 de maio se publicou no DOG o Decreto de transferencia de competencias en materia de I+D+I entre as Consellarías de Economía e Industria e de Educación e Ordenación Universitaria e mantense aínda incerteza sobre o traspaso de persoal entre consellarías.

Por último, sinalou que o Concello de Ferrol convocou os premios de investigación que convoca anualmente.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Cultura e Comunicación para que informe sobre os cursos de verán da UDC correspondentes a este ano, subliñando que se chega aos 23 cursos, fronte aos 16 do ano anterior, pese ás dificultades do contexto económico.

Na súa quenda, a Xerencia, en ausencia do vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa da imputación dos expedientes con informe V-0006-11 do Servizo de Intervención de data 06.04.2011, por un importe de 245.646,43 € e informe V-0007-11 do Servizo de Intervención de data 06.05.2011 por un importe de 214.416,62 €, todos eles aprobados pola Comisión de Asuntos Económicos de 24 de marzo de 2011. Igualmente, informa da validación de expedientes de gasto co informe C-0003-11 do Servizo de Intervención de data 18.05.2011, por un importe de 3.095.399,14 € que foi aprobado previamente na Comisión de Asuntos Económicos de 19 de maio.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria de 14 de abril de 2011

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, a representante de estudantes Amelia Fraga pide que no punto 10 se aclare a súa intervención, que facía en representación dos estudantes de Dereito. No punto 12 pide que conste máis claramente a súa oposición á



desestimación do recurso, por entender que a solicitante tiña dereito a obter o premio extraordinario.

Inclúense as anteriores aclaracións e apróbase a acta por asentimento, que queda incorporada como **anexo III**.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (5), convenios específicos (20) e convenios para prácticas (41) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe xunto coa documentación correspondente, apróbase por asentimento segundo figura no **anexo IV**.

4. Convocatoria de eleccións nos institutos universitarios propios

O secretario xeral expón que, próxima a finalización do mandato dos representantes de consello de institutos propios, procede convocar novas eleccións destes consellos, para cumprir co Regulamento electoral e os Estatutos, para o cal é preciso o acordo do Consello de Goberno.

Achégase, así mesmo, o borrador da resolución reitoral pola que se convocarán as eleccións o vindeiro 3 de xuño e que figura no **anexo V**.

A proposta apróbase por asentimento do Consello de Goberno.

5. Elección de representantes do Consello de Goberno no Consello Social (1 profesor, 1 estudante e 1 PAS)

O secretario xeral expón as normas aplicables a este punto, xa enviadas aos membros do Consello e informa dos candidatos presentados en cada sector polo que só se debe proceder a votar no sector de estudantes, pois no sector de profesorado e PAS a candidatura é única (Luis Barral Losada e Nuria Vieira Sousa, respectivamente), por tanto deben ser proclamados electos de xeito automático.



Por petición dos representantes de IESGA, o secretario xeral pide que se atrase a votación media hora respecto do previsto no calendario electoral, dado que unha das representantes de estudantes está a facer un exame oficial.

Federico García, no nome dos comités, oponse a atrasar a votación pedida por IESGA, e solicitan que conste en acta.

As normas, as persoas candidatas e as persoas electas de xeito automático figuran no **anexo VI**.

Acórdase trasladar a votación dos representantes dos estudantes, tanto no Consello Social como no Consello de Estudantes Universitario do Estado, ao próximo Consello de Goberno conforme figura no último parágrafo do punto 14 desta acta.

6. Elección de representantes de estudantes no Consello de Estudantes Universitario do Estado

O reitor expón o punto e o sistema de votación aplicable, que consta na convocatoria do Consello de Goberno.

Federico García mostra a súa oposición ao sistema de votación e pide que se vote de xeito aberto en todo o Consello de Goberno e que, en caso de empate, que sexa o sector de estudantado do Claustro o que desempate.

Amelia Fraga mostra a súa oposición á postura dos Comités, pois ao seu xuízo a votación debe facerse por sectores, conforme ao regulamento. E se hai empate, deberá aplicarse o criterio que proceda conforme ao Regulamento electoral xeral. Segundo a representante de estudantes, sentaría un mal precedente que a representación dos estudantes no Consello Estatal fose escollida por votación tamén dos profesores.

O reitor manifesta que o procedemento está fixado en aplicación do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante, e da normativa electoral vixente na UDC, polo que non procede a súa modificación.

As normas e as persoas candidatas figuran no **anexo VII**.



7. Aprobación da Memoria de responsabilidade social corporativa da UDC

O vicerreitor de Cultura e Comunicación expón que se trata dun documento que nace por impulso do Consello Social, e que se somete á aprobación do Consello de Goberno para dar o maior apoio institucional posible ao texto.

O profesor Miguel Muñoz felicita o Consello Social pola súa iniciativa, e solicita que se revisen os datos da táboa da páxina 136 (número de grupos de investigación e investigadores) e os datos da táboa da páxina 151.

A profesora Marisa Sánchez Simón expón que na páxina 61 hai que corrixir a natureza xurídica da vinculación do PDI, “Plan Boloña” soa mal, preferiría a expresión “espazo europeo de educación superior”. Hai que poñer unha foto de Ferrol. Grupos de intereses: hai que citar os contratados do capítulo VI.

A representante do PAS Nuria Vieira toma a palabra para indicar que na páxina 85 se esquece o colectivo de PAS.

Xosé Portela engade que debería haber un representante do PAS na comisión de elaboración deste documento. Propón que “España” se cambie por “Estado español”.

O reitor propón que se aprobe o documento, sen prexuízo de corrixir estes aspectos sinalados, e os derivados da corrección lingüística, que está pendente.

O documento apróbase, manifestando os dous representantes de comités o seu voto contrario mentres non se garante a retirada da expresión “España”.

Coas correccións indicadas apróbase o documento por asentimento, segundo figura no **anexo VIII**.

8. Adscrición funcional de materias de formación básica de grao ás áreas de coñecemento

Toma a palabra o vicerreitor de Profesorado, e solicita a presenza do decano da Facultade de Dereito, para que asista á exposición do punto e poida expor a súa opinión ao respecto.

Tras entrar o decano de Dereito, o vicerreitor de Profesorado comeza a súa exposición dicindo que este punto desenvolve o Acordo adoptado polo



Consello de Goberno do 17 de novembro de 2010 sobre adscrición funcional das materias dos graos ás áreas de coñecemento, en concreto o penúltimo punto da normativa.

Trátase agora de concretar a proposta definitiva de adscrición funcional de materias ás áreas. Tras a correspondente negociación da vicerreitoría con todos os sectores implicados, a proposta límitase ás materias de formación básica, marcadas por lei. O vicerreitor detense no relato do proceso de negociación entre os distintos departamentos e centros, no seo da COAP e coa mesa sindical.

Tras a exposición, toma a palabra Eloy Gayán, decano da Facultade de Dereito, para expor a posición da Facultade de Dereito. Segundo el, trátase dunha posición meditada, fundada nas peculiaridades dos estudos de Dereito. Non se trata de conseguir máis prazas de profesorado, senón de atender aquelas peculiaridades: unha tradición moi antiga, que se remonta ao plan de estudos de 1953 (25 materias para 25 áreas). Un plan que deu lugar a unha especialización moi forte da docencia, de tal xeito que a exposición docente do Dereito Internacional Privado non podería ser afrontada con solvencia por un profesor de Dereito Internacional Público, e viceversa. O decano estima, así, que a medida proposta pode minguar a calidade e especialización da docencia nos graos. Nese sentido, anuncia que xa hai profesores na Facultade estudando a posible impugnación da adscrición funcional.

A seguir, toma a palabra María Luisa Sánchez Simón para manifestar a súa preocupación das condicións laborais do PDI da UDC. Non nega que é necesario axustar os recursos ao contexto económico, pero considera que a medida ten impacto nas condicións laborais dos profesores, polo que debería ser negociada cos representantes sindicais no seo da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa. Critica o impacto negativo do espazo de Boloña.

O decano da Facultade de Ciencias, Horacio Naveira, pide aclaración ao vicerreitor sobre cal sería o criterio para buscar os candidatos.

O profesor Ricardo Cao expón criticamente a situación da adscrición funcional a áreas de coñecemento no caso das básicas de Matemáticas dos graos de Camiños. Non aparece a área de Estatística.

A profesora María Jesús Manso adhírese ás opinións de Eloy Gayán e Horacio Naveira, sinalando os problemas que se poden presentar coa proposta na adscrición de materias do Grao de Bioloxía.



O director da Escola Técnica Superior de Arquitectura, Xosé Manuel Casabella, opina que a súa escola fixo un exercicio de responsabilidade sobre esta proposta, aceptándoa, pero mostra a súa preocupación pola posible impugnación do acordo por profesores da Facultade de Dereito, dado que iso obrigaría a reconsiderar a posición da Escola de Arquitectura.

A decana da Facultade de Filoloxía, Teresa López, subliña a situación de excepcionalidade que motiva a proposta da Vicerreitoría de Profesorado. Unha proposta, ao seu xuízo, plenamente responsable coa necesaria xestión dos recursos humanos existentes nun contexto de carestía económica. A situación é a que é, a ninguén lle gusta, pero a institución debe prever todas as medidas que garantan a satisfacción da demanda docente sen incremento de gasto.

O profesor Primitivo González insiste, na súa quenda, nas características especiais da docencia nas enxeñarías.

Xosé Portela di que esta norma debía ser informada pola Xunta de Persoal e polos restantes órganos de representación do PDI.

O vicerreitor de Profesorado contesta conxuntamente todas as intervencións, insistindo en que estamos ante unha proposta responsable, que crea un mecanismo co que responder, en última instancia, ás necesidades de axuste da nosa demanda á nosa oferta docente, optimizando os recursos existentes. Subliña que é unha medida para activar subsidiariamente, só en último caso, tras esgotarse outras opcións, como a de redución de grupos, o aumento de dedicación de figuras de PDI laboral etc. Tamén subliña que as propostas de adscrición que eventualmente se teñan que facer, serán previamente consultadas cos órganos competentes dos centros. O vicerreitor engade que a proposta se levou á mesa sindical, e foi aprobada, polo que entende que está perfectamente negociada nese nivel.

María Jesús Manso matiza que en xeral está de acordo, pero que ten precaución pola utilización da norma en casos específicos como Bioloxía.

Marisa Sánchez Simón di que a proposta se consultou, mais non se negociou, e que hai que aplicar o EBEP.

Luis Castedo está de acordo co vicerreitor, pero di que no seu centro non son eses os criterios que se empregan para adscribir a docencia ás áreas.



Tras o debate anterior, apróbase o regulamento por unanimidade do Consello de Goberno.

9. Prazas de profesorado

Na liña de cumprir o acordo de manter os efectivos da UDC, o vicerreitor propón que se aprobe a creación dunha praza de PDI funcionario (titular de universidade) da área de Literatura Española, que figura no **anexo IX** e que aproba o Consello por asentimento.

Tamén pide que se aprobe o cadro de prazas de PDI contratados que se achega como **Anexo X**, en que se inclúen prazas que son amortizadas e novamente sacadas a concurso, así como tres prazas de promoción automática en cumprimento dos acordos de promoción adoptados no seu día pola UDC.

Tamén se recollen no **Anexo XI** as prazas de mestrados que son aprobadas por asentimento dos presentes.

10. Tribunais de profesorado funcionario

O tribunal proposto apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XII**.

11. Cambios de dedicación para o curso académico 2011-2012

O vicerreitor expón os cambios de dedicación, que responden ás necesidades docentes puntuais dos departamentos.

Solicita intervir a representante do PAS Manuela Pinazas, que entende que os cambios de dedicación dos contratos interinos de substitución son novos contratos, polo que se debería volver convocar a cobertura mediante concurso público, conforme aos criterios de igualdade, mérito e capacidade.

O vicerreitor comprométese a estudar a cuestión xurídica suscitada e levala, de ser o caso, á mesa sindical.

Apróbanse os cambios de dedicación propostos que figuran no **anexo XIII**.



12. Licenzas

Acéptase a solicitude de licenza de Inés Mezo Balaca e indícase a necesidade de realizar dúas correccións de erros na proposta: o centro debe ser a Facultade de Economía e Empresa, e a data debe ser do 1 de setembro de 2011 ao 30 de xuño de 2012.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XIV**.

13. Cambios de denominación de mestrados universitarios

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións achega a explicación do cambio de denominación dos tres mestrados universitarios, pendentes de verificación, no marco das directrices de procedemento da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria:

- Mestrado Universitario en Investigación, Ordenación e Avaliación de Servizos Sociosanitarios
- Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade
- Mestrado Universitario en Enxeñaría de Mantemento e Instalación do Buque

As propostas foron informadas favorablemente pola Comisión de Mestrado e Doutoramento.

Solicita intervir Primitivo González, porque considera que o primeiro é demasiado longo, e o segundo é demasiado breve. Así mesmo, oponse ao terceiro frontalmente.

Marisa Sánchez Simón opina que as enxeñarías son moi complexas.

Alvaro Baaliña di que se trata dun mestrado non profesionalizante e pide que se aprobe.

Tras o debate, os cambios son aprobados por asentimento conforme ao **anexo XV**.



14. Cambio de denominación de títulos propios

O equipo de goberno aceptou a proposta, que figura no **anexo XVI**, de modificar a denominación do título propio da ETS Arquitectura de “Graduado en Arquitectura de Interiores” por “Título Universitario en Arquitectura de Interiores”, polo que a vicerreitora pide o voto favorable do Consello de Goberno, ao tratarse dunha proposta consensuada.

Apróbase por asentimento.

Antes de pasar ao seguinte punto, os estudantes de Comités piden que se retire da orde do día o punto das votacións de representantes de estudantes en Consello Social e Consello de Estudantes Universitario do Estado, dada a ausencia dun dos seus membros por un problema laboral. Os estudantes de IESGA manifestan estar de acordo, por respecto aos compañeiros. O reitor retira o punto da orde do día e indica que a votación será realizada no vindeiro Consello de Goberno.

15. Revogación e extinción de mestrados universitarios

Apróbase a revogación dos dous mestrados propostos (Dirección de Empresa Familiar (interuniversitario) e Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega (interuniversitario), e a extinción do Mestrado en Enxeñaría da Auga, que se extingue para a súa modificación posterior.

A documentación correspondente figura no **anexo XVII**.

16. Oferta xeral de libre elección para o curso 2011-2012

A vicerreitora expón a configuración da oferta de libre elección, facendo algunha precisión no documento remitido aos membros do Consello de Goberno: Enfermaría oferta tres materias que xa non van ofertar; igual, a materia de Deseño de Sistemas de Control Industrial, que se aumenta na súa dedicación de 4 a 6 créditos.

Engadidas estas precisións, apróbase por asentimento dos presentes, segundo figura no **anexo XVIII**.



17. Aprobación da proposta de Regulamento de réxime interno do Departamento de Humanidades

O secretario expón que se trata dunha proposta que mellora a calidade do funcionamento do órgano colexiado, e cede a palabra ao director de Departamento, quen tamén indica que se trata dunha carencia que observou desde que foi elixido director de departamento, e que agora se colma, polo que pide o voto favorable do Consello de Goberno.

O regulamento apróbase por unanimidade e figura no **anexo XIX**.

18. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda de intervencións, comezando o profesor Ricardo Cao Abad, quen fai unha solicitude loxística: que exista toma de electricidade na sala do Consello de Goberno para que se poidan conectar os computadores portátiles.

O profesor Miguel Muñoz solicita ao vicerreitor de Profesorado que aclare unha dúbida sobre o recoñecemento académico das persoas integrantes dos tribunais de mestrado. O vicerreitor di que está por ver onde se pode computar, e hai que esperar ao estatuto do PDI, en especial ao plan individual de actividade docente.

Igualmente, á vicerreitora de Investigación formúlalle as súas dúbidas sobre o acceso ao doutoramento desde o seu mestrado. A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións contesta que a ACSUG é competente para calquera modificación do mestrado ou do doutoramento para os efectos de acceso. A vicerreitora di que farán a consulta por escrito.

Xosé Portela informa de que houbo unha concentración de alumnos e alumnas do INEF reclamando a mellora da dotación de conserxes no INEF. A raíz disto, critica que non hai RPT para o PAS laboral.

Replícalle a xerente que a aprobación do capítulo I e do noso plan de sustentabilidade está pendente de aprobación pola Consellaría de Facenda.

O profesor Castedo pide que no futuro cando o reitor se refira aos enxeñeiros, teña máis precaución e máis respecto. O reitor replica que nunca pretendeu empañar a dignidade dos enxeñeiros, senón simplemente lembrar que o título universitario de licenciado é igual de digno.



O profesor Fernández Cervantes pregunta sobre o axuste económico derivado da situación da facenda autonómica, lembrando que no seu centro hai profesores pasados de horas de dedicación, e que se está a facer un esforzo persoal moi grande para facer fronte á demanda docente. Pide así que o plan de axuste respecte obxectivamente as necesidades docentes.

Replica o vicerreitor de Profesorado.

Manuel Casteleiro pide que se informe por parte dos responsables do equipo de goberno sobre a obra do CITEEC.

O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental informa sobre a obra do CITEEC que tivo varias reunións cos representantes de ALDESA, dos usuarios e da dirección de obra (IDOM). Di que hai un problema gravísimo, desde que en novembro de 2010, unilateralmente, ALDESA pedise o desestamento unilateral do contrato. Desde entón estase tratando de reconducir a situación para continuar coa execución do contrato de obra. O vicerreitor opina que é o momento de xudicializar o contrato, para que Aldesa asuma as súas responsabilidades por incumprimento de contrato.

Horacio Naveira intervén a propósito da racionalización dos estudos de posgrao que tramita a Consellaría, e pide que consten as alegacións que fixo o centro. A vicerreitora replica que, a pesar de enviar a documentación do Consello Galego de Universidades, non recibiu ningunha información ou alegación do centro. Si se fixo unha alegación á Consellaría por instancia da coordinadora dun dos mestrados.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:25 h. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral
Carlos Amoedo Souto

O presidente
José María Barja Pérez